

Lino Díaz Goás, Secretario do Sector de Autonomica da UGT Servizos Públicos de Galicia, con domicilio a efectos de notificación no Edificio Administrativo da Xunta de Galicia, en San Caetano s/n, Local Sindical de UGT, con dirección de correo electrónico sindicato-uxt@xunta.gal, presento as seguintes

ALEGACIÓNS Á PROPOSTA DE MODIFICACIÓN DA RELACIÓN DE POSTOS DE TRABALLO DA CONSELLERÍA DO MAR

CONSIDERACIÓNS PREVIAS

Dende UGT rexeitamos, **postura que mantemos en todas as modificacións de RPT propostas polas distintas consellerías, a utilización da amortización de prazas como requisito previo imprescindible para xustificar a creación de prazas novas.** Dito isto, tamén é verdade, que poderíamos entender, a amortización de determinadas prazas vacantes e sen ocupación dende hai tempo para dispoñer do crédito necesario para dotar ao persoal da Administración de complementos axeitados ás súas responsabilidades e cometidos. En todo caso non está suficientemente documentado, salvo polo imperativo legal, que coa creación das novas prazas vaia a producirse unha mellora na oferta e calidade de servizos por parte da Consellería. Tampouco podemos coincidir que a creación de novas prazas, nalgún caso historicamente reivindicadas (como é a dotación de persoal na Unidade Operativa de Gardacostas de Portosín), impliquen a desaparición doutras, que no caso do Servizo de Gardacostas de Galicia, é especialmente preocupante. **A amortización de 14 prazas de mecánico/a e vixilante-mariñeiro/a en sete unidades operativas,** cando por exemplo nin tan sequera existe unha lista de substitucións para mecánicos/as, e cando estamos ademais en condicións de asegurar, que non hai persoal e tripulación suficientes para dar servizo e cumprir cos horarios establecidos, lévanos a pensar que asistimos a un **progresivo desmantelamento do Servizo.** Non é asumible pola nosa Organización debater un documento proposto onde, por exemplo, se amortizan postos en unidades operativas onde os seus responsables técnicos nos fan chegar as súas demandas de necesidades de persoal que nada teñen que ver coa proposta da Consellería. **Solicitamos a retirada da proposta de amortización dos postos do Servizo de Gardacostas de Galicia de mecánico/a e vixilante mariñeiro/a.** Igualmente **solicitamos unha explicación concreta e singularizada (obviando a xa coñecida e recorrente motivación económica) das amortizacións dos postos de Inspector/a (2) e Subinspector/a (2).**

ALEGACIÓNS DE CARÁCTER ESPECÍFICO

No corpo de profesores numerarios das Escolas Náutico Pesqueiras dependentes da Consellería do Mar, e en concreto nas especialidades de Navegación, en varias das prazas que existen na EONP de Ferrol figuran como requisitos a titulación de Licenciado ou Grado en Náutica e Transporte Marítimo e ter o título profesional de Piloto ou Capitán da Mariña Mercante.

UGT (en calidade de parte interesada) advertimos da existencia dunha praza que, a través de sentenza xudicial, recoñece para a mesma que non é requisito a tarxeta profesional de Piloto ou Capitán da Mariña Mercante, sendo unicamente necesario posuír a titulación académica de Licenciado/a ou Grado en Náutica e Transporte Marítimo.

Solicitamos por tanto que para o acceso ás prazas de Navegación nas Escolas Oficiais Náutico Pesqueiras sexa esixible unicamente a titulación académica referenciada, co mesmo nivel académico de esixencia, por certo, que o establecido para o acceso ás listas de contratación da Xunta de Galicia no marco do Decreto 37/2006.

Solicitamos a **substitución** na táboa de equivalencias do **código PE.C99.40.301.15350.020 da formación específica 437 (Título Profesional de Capitán de Pesca (R.I) polo 544 Master Universitario en formación do profesorado ou equivalente.**

Entendemos que a esixencia de formación específica tal e como está proposta no borrador volverá a bloquear a contratación e substitución do capitán de pesca porque terá que ter a diplomatura e o master pedagóxicos, igualmente bloqueará o módulo de manobra e estiba no caso de substitucións.

Solicitamos para a Xefatura Sala de Operacións con código de posto **PE.C01.00.001.15770.017 un incremento de nivel retributivo** equivalente ao da Xefatura de Unidade Operativa. Tal e como se establece no Decreto 136/2017, do 17 de novembro, de ordenación e funcionamento do servizo de Gardacostas, a persoa titular da xefatura de Unidade Operativa debe dirixir as súas actividades en coordinación (**ao mesmo nivel**) coa xefatura da Sala de Operacións e baixo a dirección (**subordinación**) da persoa titular da Xefatura do Servizo de Protección de Recursos ou outro superior xerárquico do Servizo de Guardacostas. Parece polo tanto sensato igualar o nivel retributivo para o posto referido.

S O L I C I T O :

Sexan tidas por presentadas alegacións á modificación da RPT da Consellería do Mar a fin e efecto ser tomadas en consideración nos termos alegados.

Santiago de Compostela 19 de xullo de 2022

Lino Díaz Goás



Sº Sector de Autonomica FeSP-UGT de Galicia.

SECRETARÍA XERAL DA CONSELLERÍA DO MAR

Edificio Administrativo Xunta de Galicia, San Caetano S/N. Santiago de Compostela.

RECIBO DE PRESENTACIÓN EN EL REGISTRO ELECTRÓNICO DE LA XUNTA DE GALICIA

La solicitud, escrito o comunicación para Presentación electrónica de solicitudes, escritos y comunicaciones que no cuenten con un sistema electrónico específico ni con un modelo electrónico normalizado, presentada por LINO DIAZ GOAS con NIF 33302891H tuvo entrada en el Registro Electrónico de la Xunta de Galicia con los siguientes datos:

NÚMERO DE ENTRADA 2022/1888891	FECHA Y HORA DE LA PRESENTACIÓN 19-07-2022 18:24	DESTINO SECRETARÍA XERAL TÉCNICA DA CONSELLERÍA DO MAR
--	--	--

La siguiente tabla incluye un resumen electrónico de la solicitud, escrito o comunicación presentada y, en su caso, un índice y un resumen electrónico de la documentación que se declara presentar:

Documento presentado	Nombre del archivo	Resumen electrónico del archivo (Algoritmo SHA-256)
Solicitud	Solicitud-PR004A-20220719.pdf	F461B76A88A68C6249414FF33FFB665AEEADC3CE1B45 26020E31F8EC8DBBFF4C
Alegacions_RPT_xullo_2022	Alegacions_RPT_xullo_2022.pdf	D6B7EA0883ED492B704D78B966516D6591EA265DB0C F41938179C4E4D65193A8

